


## PROGRAMA CALRE 2014

- ✚ **Reforzar a colaboración da CALRE coas institucións europeas,** como son o **Comité das Rexións, a Comisión Europea e o Parlamento Europeo.** Aumentar a **visibilidade da realidade rexional europea,** amosando as súas fortalezas para o servizo público e para a participación cidadá. Así, neste sentido débese colaborar co Comité das Rexións, sobre todo coas súas comisións de Cohesión Territorial (COTER,) de Política Económica e Social (ECOS) e de Cidadanía, Gobernanza, Asuntos Institucionais e Exteriores (CIVEX).
  
- ✚ **Execución do dereito da Unión,** fundamentalmente a través da transposición de directivas. O obxectivo básico do traballo desenvolvido pola CALRE foi a promoción da participación dos parlamentos rexionais no proceso ascendente de formación do dereito da Unión, en particular, dotando de crecente substantividade institucional o principio de subsidiariedade en colaboración co Comité das Rexións e no marco do diálogo político coa Comisión. Porén, existe un rechamante baleiro nos traballos da CALRE relativos á función esencial que deben desempeñar as asembleas rexionais na fase descendente de execución do dereito da Unión.

A transposición de directivas en Estados de estrutura complexa adoita requirir de procedementos e actos de recepción nos dous niveis de goberno, central e

rexional; con todo, a participación dos entes subestatais no proceso queda minorada polo feito de que a lexislación estatal que incorpora a norma comunitaria leva habitualmente á erosión de feito da súa esfera de competencias. Aínda que o desenvolvemento e execución do dereito da Unión, en teoría, non altera a repartición de competencias entre a Administración central e as rexionais, na práctica supuxo unha limitación das competencias de desenvolvemento lexislativo que corresponden aos entes subestatais en ámbitos tan relevantes como a regulación económica, a normativa ambiental ou a lexislación sobre servizos do mercado exterior.

O traballo en rede da CALRE —e probablemente a constitución dun grupo de traballo na materia— contribuiría a mellorar en recoñecemento comparado das técnicas lexislativas de execución do dereito da Unión que empregan os diversos Estados e afectan as respectivas asembleas rexionais, a facilitar a transmisión rexional de directivas comunitarias, a xerar un acervo de boas prácticas na materia e a potenciar a plena participación dos entes subestatais no desenvolvemento normativo das normas da Unión.

 **Manter os vínculos establecidos coas asociacións que representan as entidades locais e rexionais**, entre as que cabe destacar a Asociación de Rexións Fronteirizas Europeas (ARFE), a Asemblea de Rexións Europeas (ARE), a Conferencia de Rexións Europeas con poder lexislativo (REGLEG) e o Congreso de autoridades locais e rexionais do Consello de Europa. Estudárase que tipo de accións conxuntas se poden desenvolver, para poder resolver as

consecuencias da crise económica e financeira que está afectando as entidades locais.

- ✚ **Reforzamento na observancia do principio de subsidiariedade** como garantía para a execución eficiente das iniciativas legislativas europeas. A CALRE seguirá animando os seus membros a participar na rede de control da subsidiariedade, propiciando a explotación sistemática por parte dos membros de CALRE de REGPEX, no contexto do Sistema de Alerta Temperá, co fin de facilitar a análise das propostas legislativas por parte dos parlamentos rexionais.
- ✚ **Regulación intelixente e Programa de adecuación e eficacia da regulamentación (Programa de Adequación normativa da UE-REFIT).** As propostas da Comisión encamiñadas a identificar sistematicamente e a levar a cabo de forma transparente iniciativas dirixidas a lograr unha simplificación e redución significativa dos custos de regulamentación deben ser obxecto de apoio e particular seguimento por parte dos membros da CALRE. Neste contexto, habería que analizar a incidencia que ten o fenómeno da lexislación excesiva (*goldplanting*) por parte dos Estados membros sobre a repartición de competencias normativas cos entes subestatais, co fin de evitar que os custos, políticos e económicos, da procura da eficacia regulatoria tendan a recaer acriticamente sobre as rexións con competencia legislativa.
- ✚ Traballar coa **Axencia de Dereitos Fundamentais da Unión Europea** (FRA) en proxectos de defensa e estudo

de dereitos, sobre todo conectados co nivel lexislativo e a representación cidadá.

- ✚ Con relación ás **Nacións Unidas**, colaborar co Consello de Dereitos Humanos, examinando a calidade da lexislación propia no fortalecemento dos dereitos fundamentais e a consolidación da cultura dos dereitos.
- ✚ Respecto ao **Consello de Europa**, podería colaborar coas súas liñas de democratización e boas prácticas públicas, en especial, co Congreso de Poderes Locais e Rexionais.
- ✚ Con relación ao **déficit público e ao novo enfoque na política rexional de cohesión**, seguimento das implicacións que ten o pacto fiscal para o control do déficit público sobre a capacidade investidora rexional e os obxectivos de cohesión social e territorial. A CALRE debe manter aberto o proceso de debate e intercambio de información entre os seus membros en relación á implementación da política rexional e de cohesión, cando o calendario de adopción da nova normativa finalice. Os cambios, tanto no deseño como na execución da futura política rexional e de cohesión, proxéctanse sobre seis dimensións básicas como son a concentración de prioridades da Estratexia Europa 2020, a recompensa ao rendemento, o apoio á programación integrada a través do Marco estratéxico común, o enfoque baseado nos resultados, o reforzo da cohesión territorial e a simplificación da execución. Porén, subsiste un elevado nivel de incerteza ante a implementación rexional do novo enfoque.

✚ **Crise e oportunidade post-2015: o espazo das asembleas legislativas na cooperación descentralizada europea (dimensión exterior).** As axencias internacionais e as institucións europeas coincidiron ao sinalaren o papel esencial das autoridades rexionais nos procesos de descentralización do poder e da toma de decisións como mecanismo de desenvolvemento sustentable, empoderamento cidadán e loita contra a pobreza. Nun contexto de crise económica que se solapa coa necesaria reinvencción do marco estratéxico internacional e europeo da axuda ao desenvolvemento no escenario post-ODM, cabe promover desde a CALRE unha reflexión sobre o espazo do asociacionismo parlamentario rexional nos procesos europeos de cooperación con terceiros Estados, así como sobre os eventuais proxectos de cooperación técnica e transferencia de coñecemento (nos eidos de descentralización e o fortalecemento democrático) que poden ser desenvolvidos. A coordinación coa Comisión Europea e con outras estruturas de cooperación (PLATFORMA) resulta necesaria neste ámbito.

✚ **Impulso para unha maior colaboración entre todos os membros da CALRE,** como foro de debate e de intercambio de experiencias, fomentando un maior acercamento entre todos os integrantes da CALRE, aproveitando as ferramentas que nos facilitan as novas tecnoloxías a través da propia web da CALRE, creando un enlace no que poder compartir información. Impulso á utilización das TIC para a realización de reunións por videoconferencia para fomentar a participación e aforrar custos nun momento en que tanto se critica a eficiencia dos foros políticos.

✚ **Eleccións ao Parlamento Europeo 2014.** A CALRE debe contribuír a mobilizar os cidadáns para superar os elevados niveis de abstención que caracterizan os comicios europeos. Os parlamentos rexionais desempeñan, pola súa proximidade ao cidadán, un papel esencial á hora de promover unha dinámica de maior participación en asuntos europeos. As actividades de divulgación deberían referirse non só á participación nas eleccións europeas senón tamén á difusión doutros dereitos de cidadanía que reducen o déficit democrático da Unión, como a posibilidade de expor iniciativas legislativas cidadás (desenvolvida trala entrada en vigor do Tratado de Lisboa e que xa é obxecto de aplicación práctica), o dereito de petición ou a queixa ante o Defensor do Pobo Europeo.

✚ **O parlamento como referente, o parlamento rexional como necesidade.** Da CALRE forman parte rexións moi diferentes pero con parlamentos que responden aos mesmos obxectivos e asumen o reto da lexislación de calidade e do control do poder; e todo iso ao servizo do interese xeral. A permanente actualización das cámaras rexionais permitirá satisfacer as novas exixencias cidadás que xiran arredor de perspectivas de acción con máis expectativas. Os parlamentos rexionais colaboran de forma poderosa no equilibrio de conxunto, o que os converte en cualificados instrumentos do principio democrático ao servizo da participación e do pluralismo.

✚ **Necesaria recuperación da credibilidade da CALRE.** Faise necesario procurar medidas de estímulo para acadar unha maior participación. Neste sentido, o Plenario que se celebrará en Santiago de Compostela

será o punto de inflexión, dado o especial significado de Compostela no proceso de construción da identidade europea, como meta do primeiro itinerario cultural europeo polo que transitaron ideas e se forxaron gran parte dos valores sobre os que pivota a civilización occidental.

\*\*\*\*\*

En definitiva, un ambicioso programa de traballo que trata de non limitarse a un único eixe de actuación senón de ofrecer unha formulación máis plural, que procure sinerxías e, incluso, vías alternativas cando outras non se desenvolven satisfactoriamente.